

**#DETRASDOSMESTRE**

PREMIOS  
*Mestre  
Matea*  
XIX EDICIÓN

# ÍNDICE

---

**3 SAÚDO DA ACADEMIA**

**4 ENTIDADES PATROCINADORAS E COLABORADORAS**

4 CONCELLO DA CORUÑA

5 CULTURA DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

6 AGADIC

7 CRTVG

8 CEGA AUDIOVISUALES

9 CAFÉS CANDELAS

10 DELEITE

11 GADISA

12 PACO & LOLA

13 FUNDACIÓN AISGE

14 TREVISANI

15 GALICIA CALIDADE

**16 CANDIDATURAS FINALISTAS**

**22 EQUIPO TÉCNICO E ARTÍSTICO**

**25 ENTIDADES PATROCINADORAS E COLABORADORAS**

# SAÚDO DA ACADEMIA

---

## **PREZADOS COMPAÑEIRO E COMPAÑEIRAS,**

A Covid-19 obrigounos a repensar e adaptar os Premios Mestre Mateo.

A Academia decidiu apostar pola celebración de eventos culturais e audiovisuais presenciais, na nosa defensa da cultura segura, pero tamén queremos ser responsables e respectuosos co conxunto da sociedade nun momento tan delicado como o que estamos a vivir agora mesmo.

Somos conscientes da importancia que os Premios Mestre Mateo teñen para todos nós, porque máis aló da difusión do talento, é o momento que temos como sector para xuntarnos e celebrar que existe o audiovisual galego, por este motivo queremos agradecer de antemán a vosa comprensión e colaboración na celebración desta gala.

Oxalá nun futuro próximo poidamos volver encontrarnos e celebrar con apertas os éxitos do noso audiovisual.

Un saúdo.

*Academia Galega do Audiovisual*

## **ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL**

**XUNTA DIRECTIVA** | Ana Míguez, Pepe Coira, Álvaro Pérez Becerra, Saamira Ganay, Carmen Méndez, Isabel Naveira, Susana Veira, Óscar Cruz, Sonia Méndez e Xavi Font

**DIRECCIÓN** | Miguel Mariño

**XERENCIA** | Marisela Lens

**COMUNICACIÓN E PROXECTOS** | Miriam Rodríguez Debasa

**COMUNICACIÓN E ADMINISTRACIÓN** | Saúl Rivas



# #DETRASDOSMESTRE CONCELLO DA CORUÑA

No Concello da Coruña somos conscientes da necesidade imperiosa de promover e financiar a cultura. Temos tamén a firme aposta de programar cultura segura, e este ano, con todas as restricións, quixemos estar, da maneira que fora posible, para dicirle á nosa escena audiovisual que estamos aí, que apostamos e cremos no cinema que se fai en Galicia.

Durante os peores momentos da crise sanitaria, o audiovisual deunos a forza que necesitabamos para continuar, creou vínculos e acurtou a distancia que nos separaba e nos separa das nosas e dos nosos. A pandemia lembrounos o fundamental que supón poñer en valor o propio, o próximo, e este Goberno local aposta por protexer e darlles cobertura aos elementos artísticos de maior proximidade.

Nesta Gala de entrega de premios que celebramos hoxe, volveremos sentir que o cine e o audiovisual teñen casa nesta cidade. A gran calidade dos traballos que aspiran hoxe a un galardón ten que ser para as institucións unha chamada de atención sobre a riqueza que temos, un patrimonio en movemento que debemos coidar e apoiar.

Sabías que o Concello da Coruña foi a primeira administración en poñer en marcha un plan de reactivación económica que incluía axudas directas para a creación?

**Inés Rey**  
**Alcaldesa da Coruña**



## #DETRASDOSMESTRE CULTURA DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

A área de Cultura da Deputación da Coruña ten como obxectivo promover e animar o sector cultural. Destacamos as distintas liñas de axuda, para festivais, actividades de asociacións, fundacións, profesionalización da xestión cultural... e tamén a Rede Cultural, o máis sólido circuíto de cultura ao vivo do territorio.

Para nós é importante apoiar os Premios Mestre Mateo por varias razóns; a máis importante, ao noso ver, porque son unha plataforma de especial interese para a promoción das producións audiovisuais galegas. Os premios supoñen un importante impulso á difusión das novidades audiovisuais que, para nós, é a trabe que hai que afortalar, unha vez temos unha creación de tantísima calidade.

A provincia ten un pulo indubidábel no sector audiovisual. Ademais, gustaríame citar que na Coruña naceu M<sup>a</sup> Luz Morales, xornalista, escritora e muller avanzada, pioneira en especial na crítica cinematográfica nos xornais, unha maneira tamén de achegar o cinema ao público. O seu nome titula agora os premios da Academia Galega do Audiovisual que, de maneira singular tamén, están apoiados polas catro deputacións galegas.

Sabías que boa parte dos principais festivais audiovisuais como Cineuropa, Curtocircuíto, Mice, S8, Carballo Interplay, Chanfaina Lab ou Olloboi se celebran na Coruña?

**Xurxo Couto Rodríguez**  
*Deputado de Cultura da Deputación da Coruña*



# #DETRASDOSMESTRE AGADIC

Como departamento da Xunta de Galicia dedicado ao fomento das industrias culturais, a Agadic presta un apoio continuo ao audiovisual galego, sector considerado estratéxico tanto polo seu valor económico como polo cultural. A través de diferentes políticas e liñas de subvención que inciden en cada un dos momentos da creación e da distribución de películas, o obxectivo prioritario da Agadic neste eido é dotar de financiamento ás empresas para xerar emprego e acadar produtos audiovisuais propios e competitivos no mercado global, así como facilitar economicamente o labor de creación das persoas individuais.

Se calquera premio supón un incentivo e un estímulo ao traballo ben feito, no caso dos Mestre Mateo engádese o valor de constituír un magnífico escaparate da mellor produción audiovisual galega anual. Materialízanse, ademais, nun evento de gran repercusión mediática que presta atención á multiplicidade de formatos e que lle dá visibilidade e prestixio aos nosos profesionais. Os Premios Mestre Mateo son, hoxe en día, parte indisoluble do noso panorama audiovisual e unha das principais citas culturais de Galicia.

Sabías que as catro películas finalistas aos Mestre Mateo deste ano foron realizadas co apoio da Xunta de Galicia a través das subvencións da Agadic?

**Jacobo Sutil**  
**Director da Axencia Galega das Industrias Culturais da Xunta de Galicia**



# #DETRASDOSMESTRE CRTVG

A CRTVG é unha parte importante do ecosistema audiovisual galego e parécenos que se hai unha cita imperdible como medio audiovisual que somos, esa cita son os Mestre Mateo. Estamos fahendosos de todos e cada un dos candidatos e finalistas, teñan ou non teñan participación directa da TVG, porque seguro que dalgunha forma no pasado, no presente ou no futuro tiveron ou terán esa vinculación. Nós sempre gañamos porque se gaña o audiovisual galego, gaña a TVG e a sociedade galega. Somos todos parte dun inmenso equipo cheo de talento.

Sabías que o 96% do que se emite na TVG está feito en Galicia e por galegos? Non hai comparación deste nivel de produción e representatividade no panorama nacional, e a CRTVG é a canle que máis inviste no seu sector como recolle o informe da CNMC. Nesta época que estamos a vivir, a CRTVG foi a única canle de España en lanzar un Plan de Apoio ao Sector Audiovisual que quedou recollido polo Observatorio Europeo do Audiovisual. Nos tempos complicados sabemos con quen podemos contar e quedou claro, por se alguén o dubidaba, que o sector audiovisual pode contar coa CRTVG e que esta pode contar co sector audiovisual, que traballou este último ano no medio da pandemia con valentía, talento e profesionalidade para entre todos ofrecer o mellor servizo público posible a todos os galegos.

**Xaime Arias**

***Director do Departamento de Proxección Social da CRTVG***



# #DETRASDOSMESTRE CEGA AUDIOVISUALES

Cega nace fai casi 20 anos como resposta a unha necesidade tecnolóxica no sector dos eventos. Dende os nosos inicios, buscamos solucións novidosas e adaptadas a novas realidades no mundo dos eventos. O desenvolvemento de novas liñas de traballo e a innovación nos procesos, permitiu a expansión nacional e internacional da empresa (París, Londres, Miami, Bergamo, Nova York, Casablanca ...)

Fomos a primeira empresa en Galicia, e posiblemente en España, en expoñer decorados ou fondos dixitais en eventos. Somos pioneiros na implantación da tecnoloxía LED para eventos e concertos, tanto en iluminación LED como en pantallas de gran formato e resolución. Con motivo da Apertura do Ano Santo Xacobeo 2021 instalamos na Catedral de Santiago unha pantalla LED de máis de 200m<sup>2</sup> e recreamos nela a escalinata da Catedral.

Colaboramos coa Academia na celebración dos Premios Mestre Mateo desde o 2012, na produción técnica, no deseño e planificación dos medios técnicos (son, iluminación, pantallas LED, etc..) e humanos necesarios para o desenvolvemento da Gala. Este ano 20 persoas de Cega traballarán na montaxe da Gala.

Sabías que a pantalla situada no escenario do teatro é unha pantalla LED inmersiva con máis de 120m<sup>2</sup> que crea unha escena semi virtual?

**Enrique Fernández Silva**  
*Director Cega Audiovisuales*



# #DETRASDOSMESTRE CAFÉS CANDELAS

Desde que os irmáns Ramón e Manuel Alonso compraron en 1973 o Tostadero Cafés Las Candelas no centro de Lugo, a firma pasou de ser un pequeno torrefactor local a unha compañía internacionalizada cunha facturación de máis de 65 millóns de euros, 7 delegacións e máis de 300 empregados.

A través da iniciativa Live Inspired apoiamos diferentes proxectos e unha gran parte enmárcanse dentro do sector audiovisual, vinculando os momentos de café aos momentos de inspiración e creación. Nos últimos 4 anos colaboramos con máis de 15 festivais de cine e varias curtas e longametraxes feitas en Galicia. Grazas ao apoio de Cafés Candelas, este ano a Academia organizou as #ConversasCandelasMestreMateo que reuniron a representantes de todas as candidaturas finalistas en encontros en streaming.

Para Candelas colaborar co mundo audiovisual é apostar pola cultura e por aportar valor á sociedade. En Candelas levamos máis de 45 anos posicionándonos como expertos en café e a maiores queremos servir de inspiración. Para nós o café é moito máis que unha bebida: é arte, música, emoción, teatro, cine...

Sabías que cada ano Cafés Candelas comercializa 5.000 toneladas de café e serve no mundo 800 millóns de tazas de café?

**Alejandra Alonso**  
**Directora de Márketing e Comunicación de Cafés Candelas**



# #DETRASDOSMESTRE DELEITE

Deleite nace da necesidade de comercializar o leite directamente, prescindindo de intermediarios, coa dobre intención de obter unha maior rendibilidade para os gandeiros e garantir que o leite de mellor calidade chegue ao consumidor.

Dende o principio colaboramos coa música, o cinema, a literatura e o teatro do país. Temos ademais o noso propio festival, colaboramos na edición de discos e libros, en xiras de teatro, patrocinamos premios literarios... Cando optamos polo apoio á nosa cultura estamos pensando máis aló do retorno publicitario, estamos pensando que os nosos consumidores valoran e saben que Deleite é algo máis que o leite galego de calidade. Tamén colaboramos cos Mestre Mateo dende o ano 2018.

A vaca de Deleite chegou en setembro do 2016, cinco meses despois da nosa saída ao mercado. Apareceu por primeira vez no Festival do Leite que organizamos en Santiago. Dende aquela, a nosa mascota é a portadora das mensaxes da marca e interactúa coas participantes en toda clase de eventos culturais nos que estamos presentes.

Sabías que no 2020, nun momento de inestabilidade, Deleite asinou coas mellores explotacións de Galicia contratos estables a tres anos cos prezos máis altos dos mercado? Era a primeira vez que unha marca o facía en España.

***As persoas que fan posible Deleite***



# #DETRASDOSMESTRE GADISA

En 1986, catro empresas históricas de alimentación fusiónanse en Gadisa, unha compañía 100% galega cun forte compromiso co entorno. Somos un grupo referente no retail nacional, e líderes no noroeste peninsular. Estamos orgullosos da nosa vocación de servizo ao cliente e da excelente relación calidade-prezo do noso amplo surtido de produtos, que nos levan distinguindo durante máis de 30 anos.

En 2019 realizamos 2.331 actividades cun orzamento de 2,5 millóns de euros. Dentro destas accións, un 39% correspóndese coa cultura. Exemplo diso son: o Día das Letras Galegas, os Premios María Casares de Teatro, o Festival Son do Camiño, o OUFF, a Seminci, ou Cultura no Camiño, e os Premios Mestre Mateo entre moitos outros.

A colaboración coa cultura apórtanos identificación con Galicia e apoio a todo o sector cultural. Os Premios Mestre Mateo representan un recoñecemento ben merecido para todas as persoas participantes, tanto as premiadas como as finalistas.

Sabías que Gadisa distribúe a produción de 944 provedores locais?

**Antonio Cortés**  
*Director RSC de Gadisa*



# #DETRASDOSMESTRE PACO & LOLA

Paco & Lola é unha adega xoven e moderna, comprometida cunha forma de facer e experimentar o viño diferente. Fundouse no ano 2005, por iniciativa dun grupo de viticultores e produtores de viño do Salnés e dende os nosos inicios apostamos por unha produción sostible traballando por unha xestión integrada do cultivo.

Neste ano tan complexo colaboramos coa Academia para darlle vida ás bucatas que quedan baleiras, patrocinando a decoración da Gala. O noso albariño destaca pola súa imaxe arriscada, e cos lunares que nos caracterizan darémoslle o toque alegre ao patio de butacas que terá o aforo reducido seguindo as medidas que dictan as autoridades sanitarias. Tamén colaboramos agasallando aos gañadores cunha botella magnum de Paco & Lola, para que o podan celebrar brindando con albariño.

Estamos moi contentos de colaborar coa Academia. Como cooperativa que somos, é moi importante que parte da riqueza xerada se oriente cara o desenvolvemento social e cultural do noso entorno.

Os Mestre Mateo poñen en valor o audiovisual galego, non cabe dúbida do importante que foi e é nestos tempos que vivimos, co cal alégranos que a nosa aportación axude a recalcar o bo traballo que se está a facer.

Sabías que a bodega está composta por máis de 400 socios que forman a principal cooperativa produtora de viño das Rías Baixas?

**Laura Cachón**  
*Responsable de márketing de Paco & Lola*



# #DETRASDOSMESTRE FUNDACIÓN AISGE

Aisge leva 17 anos consecutivos colaborando coa Gala dos Mestre Mateo, sen faltar unha soa vez ao compromiso. Agardamos que sexa por moitos máis anos esta colaboración indispensable para a visibilización do traballo dos nosos actores e actrices asociados. Os Mestre aportan visibilidade. Difusión. Promoción. Reivindicación. Orgullo. Sentido de pertenza a unha familia grande e sólida. É dicir, todo o bo!

Fundación Aisge nace en 2002 para coordinar, afianzar e reforzar toda a actividade asistencial e promocional de AISGE; como un instrumento efectivo para paliar as situacións máis delicadas entre os socios e socias desfavorecidos tamén para impulsar actividades formativas, respaldar eventos e iniciativas de interese para o sector, e emprender unha política de comunicación propia.

O maior reto que afrontaremos foi facer fronte aos estragos da crise do coronavirus, sen dúbida. Foi un esforzo humano, económico e loxístico sen precedentes. Pero facía falta, máis ca nunca, estar en primeira liña de contención ante unha traxedia humana, sanitaria e laboral desta magnitude.

Sabías que Fundación Aisge colabora ao ano con 150 proxectos de difusión e promoción como os Premios María Casares, o OUFF ou o Festival de Cans? Proxectos de perfil moi ecléctico cos que nos sentimos moi comprometidas e identificadas.

**Isabel Blanco**  
*Padroa de Fundación Aisge e delegada de Aisge en Galicia*



# #DETRASDOSMESTRE TREVISANI

Trevisani nace fai 30 anos, cando había poucas empresas adicadas á xestión global dos eventos; fomos crescendo e ampliando servizos e ámbitos de actuación ata chegar ao que somos hoxe: unha empresa integral. Para dedicarse ao protocolo e as RRPP ademais das bases técnicas imprescindibles, é moi necesario un coñecemento polo miúdo do sector co que estamos a traballar: achegarse ao cliente, ter empatía e por suposto, un obxectivo común.

Cada ámbito, cada evento ten a súa propia dificultade, que para nós convértese nun reto.

Podemos citar o Fórum Gastronómico, Fairway-Forum do Camiño de Santiago ou o Programa Social virtual de ECAI2020, Congreso de Intelixencia Artificial, que acaba de recibir o premio ao mellor evento de ano en Galicia. E por suposto, os Mestre, que para nós son moi significativos e que teñen unha grande complexidade organizativa.

Traballamos con outras institucións e organismos en eventos culturais como os Premios da Cultura Galega; e como produción propia temos feito AURIA, Semana de Novela Histórica, e LITVI, Semana de Literatura de viaxes.

Sabías que nos XVIII Mestre Mateo precisáronse 13 azafatas e auxiliares para atención ao público e 6 persoas do equipo de Trevisani para organizar e sentar aos 1400 convidados que asistiron á Gala?

**Ana Trevisani**  
*Directora de Trevisani*



# #DETRASDOSMESTRE GALICIA CALIDADE

Galicia Calidade é unha sociedade pública que naceu fai agora 25 anos para certificar os mellores produtos e servizos galegos, a partir dun spot elaborado pola Xunta de Galicia que pretendía romper tópicos sobre unha Galicia atrasada e meramente rural, querendo promocionar todos os sectores nos que eramos punteiros: moda, servizos, mar...

A partir de aí, as empresas galegas solicitaron poder levar nos seus packaging e publicidade o slogan Galicia Calidade. Cinco anos despois, a sociedade comezaba a certificar os primeiros produtos, ata hoxe, que contamos con 140 empresas e máis de 400 produtos e servizos certificados. Temos conseguido converternos na marca de garantía de Galicia, cun alto coñecemento en Galicia e tamén no resto de España.

Os atributos que socialmente se atribúen a todo o que certificamos son un produto galego e de calidade, como ben indica o noso nome, unhas características que, por que non, poderíanse aplicar ao sector cultural en Galicia en todos os seus ámbitos.

Sabías que Galicia Calidade foi a primeira marca de garantía creada en España?

**Alfonso Cabaleiro**  
*Director-xerente de Galicia Calidade*

# CANDIDATURAS FINALISTAS

---

## **MELLOR INTERPRETACIÓN MASCULINA DE REPARTO**

JOSITO PORTO | Arima

MILO TABOADA | A illa das mentiras

TAMAR NOVAS | El desorden que dejas

XÚLIO ABONJO | Ons

## **MELLOR MAQUILLAXE E PERRUQUERÍA**

MARÍA ILLOBRE E LORENA CALVO | O sabor das margaridas

RAQUEL FIDALGO E NOÉ MONTES | Néboa

RAQUEL FIDALGO E PATRICIA VILELA | A illa das mentiras

SUSANA VEIRA E BEATRIZ ANTELO | El desorden que dejas

## **MELLOR MÚSICA ORIXINAL**

ELBA FERNÁNDEZ E XAVI FONT | Auga Seca

MERCEDES PEÓN | Nación

ORQUESTRA FUGAZ DE IMPROVISACIÓN | 9 fugas

SERGIO MOURE DE OTEYZA | A galiña Turuleca

## **MELLOR ANUNCIO PUBLICITARIO**

AQUÍ FACÉMOLO ASÍ | Congo Producciones Audiovisuales y Gráficas, S.L.

DESDE O MAR | Juan Galiñanes e Kaito Estudios

O RURAL VIVE | Wecom, Marga Pazos e Lucas Terceiro

VIVAMOS COMO GALEGOS | Congo Producciones Audiovisuales y Gráficas, S.L.

## **MELLOR CURTAMETRAXE DE ANIMACIÓN**

CARNE | Abano Producións, S.L.

KLEINER LÜGNER (PEQUENO MENTIREIRO) | David Saborido

NIGHT KEEPER | Escuela de Imagen y Sonido de Vigo -EISV-

REALITY | David Fidalgo Omil

## **MELLOR VESTIARIO**

ALICIA DAPENA E LOLA DAPENA | Ons

ARÁNZAZU DOMÍNGUEZ E YOLANDA PEÓN | Néboa

EVA CAMINO | A illa das mentiras

RENATA UZAL | Arima

## **MELLOR VIDEOCLIP**

DARK SIENNA, Roger & Brian Eno | Juan Lesta

ILLAS DE SAL, Xabier Díaz & Adufeiras de Salitre | Xabier Díaz Carro

MUINHEIRA DE INTERIOR, Boyanka Kostova | Xaime Miranda

WHO WILL SAVE ME?, Aparato | Aparato

## **MELLOR REALIZACIÓN**

JOSE VILLAVERDE | Land Rober tunai show

MARCOS ESTEBO, DIEGO GUERRERO E MÓNICA ARES | Cos pés na terra

MARTA ARÉVALO PITA | Quen anda aí?

PABLO FONTENLA E SITO TORRES | A miña familia pola túa

## **MELLOR INTERPRETACIÓN FEMININA DE REPARTO**

ISABEL GARRIDO | El desorden que dejas

LIDIA VEIGA | A lei de Santos

MARTA LADO | Ons

VICTORIA TEIJEIRO | A illa das mentiras

## **MELLOR GUIÓN**

ALFONSO ZARAUZA E JAIONE CAMBORDA | Ons

CARLOS MONTERO, JAVIER HOLGADO VICENTE E ANDRÉS SEARA | El desorden que dejas

JAIONE CAMBORDA | Arima

PAULA CONS | A illa das mentiras

## **MELLOR SERIE WEB**

AMNESIA 3.0 | Carballo Interplay e Productora Absurda

DOC WAY: CAMIÑO PORTUGUÉS | Que+ver

MATARÍA | Dinamo Producións e Javi Segá.

XAN | Lucía Estévez e Miguel Canalejo

## **MELLOR DIRECCIÓN DE PRODUCCIÓN**

CONCHA FONTENLA | O sabor das margaridas

LUCÍA BALEATO | A illa das mentiras

NATI JUNCAL PORTAS | Lúa vermella

TAMARA SOTO | Ons

## **MELLOR COMUNICADOR/A DE TELEVISIÓN**

ALBA MANCEBO | Os Castros

ROBERTO VILAR | Land Rober tunai show

RODRIGO VÁZQUEZ | Quen anda aí?

SIMONE SAIBENE | Cinephilia

## **MELLOR DIRECCIÓN DE FOTOGRAFÍA**

ALBERTE BRANCO (AEC) | Ons

JAVIER ÁLVAREZ | 9 fugas

JOSÉ DAVID MONTERO E SUSO BELLO (AEC) | Néboa

LOIS PATIÑO | Lúa vermella

## **MELLOR SON**

DAVID MACHADO E ALEJANDRO LÓPEZ | El desorden que dejas

DAVID MACHADO, ELOY TÁBOAS E MARCO MARIL | 9 fugas

DAVID MACHADO E JAVIER PATO | Arima

SÉRGIO SILVA E DAVID MACHADO | Ons

## **MELLOR MONTAXE**

FERNANDO ALFONSÍN | Ons

JUAN GALIÑANES, LU RODRÍGUEZ E MARIO MAROTO | El desorden que dejas

JULIA JUANIZ | A illa das mentiras

LUCÍA ESTÉVEZ | Dorothé na vila

## **MELLOR INTERPRETACIÓN FEMININA PROTAGONISTA**

INMA CUESTA | El desorden que dejas

ISABEL NAVEIRA | Néboa

MELANIA CRUZ | Ons

NEREA BARROS | A illa das mentiras

## **MELLOR CURTAMETRAXE DE IMAXE REAL**

LA PENUMBRA | Eye Slice Pictures, Lorena Hidalgo Aguirre e Gaita filmes

MENTRES ISO PASA | Nacho Ozores

NON ME ESPERA NINGUÉN | Ensenada de Ézaro Films, S.A.

XOVES DE COMADRES | Islandia Producciones

## **MELLOR DIRECCIÓN DE ARTE**

ALEXANDRA FERNÁNDEZ | Néboa

ANTONIO PEREIRA | A illa das mentiras

ELIA ROBLES | Ons

MARÍA LOLO | Arima

## **MELLOR DOCUMENTAL**

A MEDIA VOZ | Matriuska Producciones, Perspective Films, PCT Producciones, Producciones de la 5<sup>ta</sup> Avenida

DOROTHÉ NA VILA | Alejandro Gándara, con coproducción da Deputación da Coruña

NACIÓN | Nós, Produtora Cinematográfica Galega, S.L. coa participación da Televisión de Galicia

NACIÓN DE MUCHACHOS: UTOPIA O MUERTE | Vizuals Lab coa participación da Televisión de Galicia

## **MELLOR INTERPRETACIÓN MASCULINA PROTAGONISTA**

ANTONIO DURÁN “MORRIS” | Ons

DARÍO GRANDINETTI | A illa das mentiras

MONTI CASTIÑEIRAS | A lei de Santos

TITO ASOREY | Arima

## **MELLOR DIRECCIÓN**

ALFONSO ZARAUZA | Ons

FON CORTIZO | 9 fugas

LOIS PATIÑO | Lúa vermella

PAULA CONS | A illa das mentiras

## **MELLOR PROGRAMA TV**

CINEPHILIA | Noveolas Producciones e Telemiño

COS PÉS NA TERRA | Filmmax -Producións A Fonsagrada, S.L.- para a Televisión de Galicia

OS CASTROS | Televisión de Galicia

SEGREDOS, DESMONTANDO GALICIA | MBC Servicios Audiovisuales para a Televisión de Galicia

## **MELLOR MELLOR SERIE DE TELEVISIÓN**

AUGA SECA | Portocabo, Televisión de Galicia, Spi, RTP

EL DESORDEN QUE DEJAS | Vaca Net TV SLU, Netflix Estudios Internacionales LLC

NÉBOA | RTVE e Voz Audiovisual

O SABOR DAS MARGARIDAS | CTV, S.A. e Comarex coa participación da Televisión de Galicia

## **MELLOR LONGAMETRAXE**

A ILLA DAS MENTIRAS | Agallas Films, S.L., Historias del Tío Luis, S.L., Aleph cine, Take 2000 coa participación da Televisión de Galicia

ARIMA | Esnatu Zinema coa participación da Televisión de Galicia

LÚA VERMELLA | Zeitun Films e Amanita Studio coa participación da Televisión de Galicia

ONS | Maruxiña Film Company e Bando Á Parte coa participación da Televisión de Galicia

## **PREMIO DE HONRA FERNANDO REY**

MANUEL LORENZO

# EQUIPO TÉCNICO E ARTÍSTICO

---

PRODUCCIÓN EXECUTIVA | Álvaro Pérez Becerra, Ana Míguez, Carmen Méndez, Miguel Mariño, Óscar Cruz e Sonia Méndez

DIRECCIÓN | Tito Asorey

GUIÓN | Manuel Cortés

PRESENTADORA | Lucía Veiga

MÚSICA EN DIRECTO | De Vacas

ENTREGADORAS E ENTREGADORES DE PREMIOS | Bárbara Grandío, Diego Viaño, Esther Estévez, Iria Sobrado, Isabel Blanco, Luis Iglesia, Marta Larralde, Miguel de Lira, Pilar García Rego, Susana López, Susana Sampedro e Xosé Barato

COA PARTICIPACIÓN DE David Perdomo, James Rhodes, Javier Veiga, Luis Zahera, Martiño Rivas, Miryam Gallego e Xosé A. Touriñán.

DIRECCIÓN DE PRODUCCIÓN | Eva Alonso

DIRECCIÓN DE ARTE | Ángel Amaro

DESEÑO GRÁFICO E CONTIDOS PANTALLA | Isabel Vila

VESTIARIO | Javier Quintela Atelier e Uxía Vaello

MAQUILLAXE E PERRUQUERÍA | Fani Mosqueira, Fuchica na Testa, Lola Naveira e Nerea Sánchez

1º AXUDANTE DE DIRECCIÓN | Patricia Alonso

2º AXUDANTE DE DIRECCIÓN | María Parga

AXUDANTE DE PRODUCCIÓN | Andrea Pena

AUXILIAR DE PRODUCCIÓN | Cristina Basanta

COMUNICACIÓN | Miriam Rodríguez Debasa, Saúl Rivas e Alicia Alonso.

FOTO FIXA | Aigi Boga, David Portela e María Meseguer.

MONTAXE | Omar Rabuñal

GRAVACIÓN E EDICIÓN SKETCH | Alicia Alonso

VOZ EN OFF | Manuela Varela e Paco Lodeiro

AFTERMOVIE | Iria Ferreirós

PROTOCOLO | Trevisani

DESEÑO GRÁFICO | Lucía Lago e Alba Varela (Oh My Word!)

DESEÑO TROFEO | Laura Blanco

NOTARÍA | Andrés A. Sexto Presas

GABINETE XURÍDICO | Miguel Lorenzo e Rosa Loureiro

MERITORIAXE EIS DA CORUÑA | Ana Bóveda, Irene García, Ana María Vera, Patricia Marcote, Candela Montero, Lucía Bestilleiro, Alejandro Grijó, Alén García, Tamara Vidal, Cristian León

AGRADECEMENTOS | Paco Rodríguez

## **EQUIPO PROGRAMA O RECIBIDOR DOS MESTRE**

PRESENTADORA | Marta Doviro

GUIÓN E DIRECCIÓN | Xosé Antón Moure

REALIZACIÓN | Sergio Rivas

XEFE TÉCNICO | César Seijas

CÁMARAS | Luis Longueira e Omar Rabuñal

## **EQUIPO CEGA**

XERENTE | Enrique Fernández

XEFE DE PRODUCCIÓN | Sergio Álvarez e María Varela

XEFE TÉCNICO DE VÍDEO | Adrián Álvarez

TÉCNICOS DE VÍDEO | Eduardo Vidal e Javier Quintela

XEFE DE SON | Javier Rodríguez

TÉCNICO DE SON | Jorge Pacio

TÉCNICO DE SON DE RF | Angel Díaz e David López

XEFE DE ILUMINACIÓN | Héctor Naveira

TÉCNICO DE ILUMINACIÓN | Gabriel Alvarado

AUXILIAR DE MONTAXE | Antonio Teijelo, Gumersindo Meijon, Antonio Otero e Juan José Lopez

RESPONSABLE DE RRHH | Carlos Platas

RESPONSABLE DE PRL | Jose Garrido

## **EQUIPO TVG**

REALIZACIÓN | José Luis Piñeiro, Andrea Gasamans

AXUDANTE REALIZACIÓN | Ana Lens, Joaquin Varela e Juliana González

PRODUCCIÓN | Hilario Pino

ILUMINADOR | José Carlos Lojo

TÉCNICO DE ILUMINACIÓN | Benito Lamas

CONTROL DE CÁMARAS | Manuel Angel Fernández

CÁMARA DE PRIMERA | Benedicto Bascoy, Francisco Javier Martínez, Iván Castro, José Carlos Abal, Roberto Pérez

OPERADORES DE CÁMARA | José Luis Álvarez , Carlos Juanatey

TÉCNICO DE SON | Antonio Guitiérrez, Alfonso Sánchez

GRAFISMO | Roi García

VÍDEOS | Pablo Landazabal

MAQUILLAXE | María Orgelia Lorenzo, Isabel Mariño

EXPLOTACIÓN | Francisco Paredes , Alejandro Rodriguez

ESPECIALISTA DE MONTAXE | Alberto Gerpe, Montserrat Maneiro, Manuel Ángel Mayo, Miguel Porto, Benjamín Regueiro, Javier José Romo, Miguel Ángel Sixto, Mario Toande

CONDUCTOR | Manuel Freire

## **EQUIPO TEATRO COLÓN**

DIRECCIÓN | Bettina Kohlhaas

XEFE TÉCNICO | Iván Rodríguez

TÉCNICO ILUMINACIÓN | Maiko Varela

TREMOISTA | Gustavo Díaz

XEFE DE SALA | Ignacio Debén

PERSOAL DE SALA | Ana Rodríguez, Barbara Viadas, Beatriz de Andrés, Beatriz Muñiz, Mateo Saco e Yael González

# ENTIDADES PATROCINADORAS E COLABORADORAS

A ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL QUERE AGRADECER A COLABORACIÓN DE:

Concello de Coruña, Deputación da Coruña, Televisión de Galicia, Xunta de Galicia, AGADIC, Xacobeo21

Cega Audiovisuales, Cafés Candelas, Deleite, Gadis, Paco & Lola, Aisge, Trevisani, Galicia Calidade e a todas aquelas persoas e institucións que coa súa axuda fan posibles os Premios Mestre Mateo.



AGRADECIMENTOS DE VESTIARIO |



PREMIOS

*Mestre Mateo*

XIX EDICIÓN